

ACTA NÚMERO 1

En Santiago de Compostela, ás 12,00 horas do día 26 de marzo 2019 reúnense representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria con representantes das organización sindicais, tal e como se detalla a seguir, de acordo coa convocatoria e orde do día remitida o día 20 de marzo de 2019

Presidente:

Borja Vereza Fraiz, secretario xeral técnico da consellería

Vogais:

Lourdes Ledo Moure, subdirectora xeral de Coordinación Administrativa

Benito Fernández Rodríguez, xefe da Área de Xestión da GAIN

Mariano Ferreño Sánchez, xefe de sección de Habilitación e Persoal

Representantes das organizacións sindicais

CIG:

Jesús Pérez Balirac

CCOO:

Emilio Doforno Guzmán

Javier Lareu Rodiño

CSIF:

José Francisco Sánchez Brunete

UGT:

Juan Luis Loureiro Taibo

Mónica Ramos Gende

Secretario:

Juan C. Porrúa Pardal, xefe do Servizo de Asuntos Xerais e Réxime Interno

ORDE DO DÍA:

1.- Proposta de modificación da RPT da Axencia Galega de Innovación (GAIN)

INTERVENCIONS:

En primeiro lugar fai a súa intervención o **secretario xeral técnico** da consellería, que lles dá a benvida aos/ás asistentes.

Deseguido fai unha reseña do expediente de RPT, indicando que se trata dunha modificación sinxela, baseada nos seguintes puntos:

- Creación dunha praza de enxeñeiro/a de funcións facultativas (ESE6) en cumprimento de sentenza.
- Amortización dun posto base do subgrupo A2 e doutro posto base do subgrupo C2.
- Adaptación da RPT aos estatutos vixentes (Decreto 15/2014, do 6 de febreiro) e ao decreto de estrutura, actualmente en trámite para a súa inmediata aprobación no Consello da Xunta de Galicia, polo que se crean DOUS novos Departamentos, un na dirección da Axencia para a coordinación do polo aeroespacial de Rozas e outro na Área de Xestión.
- Creación dunha Xefatura de Sección de Xestión Financeira, para reforzar tamén a propia Área de Xestión.

A persoa que intervéñen en representación da **CIG**, fai saber que, de entrada, xa faltan nas memorias, particularmente na económica, os postos a crear en adaptación ao decreto de estrutura en trámite. Así mesmo, mostra o seu desacordo coa forma de provisión por LD dos Departamentos, ao tempo que requiren o texto da sentenza pola que se crea o posto de enxeñeiro/a de funcións facultativas.

A persoa representante da organización sindical **CCOO**, pregunta se as prazas a amortizar están ocupadas ou vacantes, e no caso de ocupación que se aclare cal é a situación da persoa funcionaria que as ocupa. Require que na memoria funcional se inclúan os criterios de excepcionalidade dos postos de LD, e así poder decidir se a xustificación se adecúa as necesidades reais do posto ou non. Non están de acordo na apertura de postos a outras administracións, ata que realmente exista unha reciprocidade. Alegan tamén que nos anexos seguen figurando os postos de CIS-Madeira xa adscritos á RPT da Axencia Galega da Industria Forestal.

Por outra banda, propoñen á consellería iniciar a tramitación dunha nova RPT para os postos de persoal laboral temporal da GAIN o antes posible, a fin de que se lles permita a este persoal participar en próximos procesos de estabilización.

Ademais, sen cuestionar se merece ou non o plus de responsabilidade o posto de "titulado/a superior" con código IN.A11.00.003.15770.101 (EI.A11.00.003.15770.101), si consideran que outros postos de persoal integrado en GAIN como persoal laboral fixo da Xunta deberían ter determinados pluses que non se contemplan nesta proposta que presenta a Administración.

Para a persoa representante da organización sindical **CSIF**, a praza de Habilitación non debe ser de concurso específico, e as prazas que figuran a cubrir por LD non están xustificadas na memoria funcional que se achega. Así mesmo, requiren unha copia da sentenza en base á cal se crea o posto de enxeñeiro/a de funcións facultativas, e mostran a súa oposición á amortización dos postos base dos subgrupos A2 e C2, aínda que estes figuren como vacantes ou non, polo que en cada expediente de modificación de RPT se está destruindo emprego público.

Pola organización sindical **UGT**, a persoa que intervén manifesta a súa oposición a existencia de postos de alta dirección, así como á apertura a outras administracións (A11) do posto de secretaria/o da Dirección e dos postos de Xefatura de Departamento.

Como xa teñen manifestado noutras ocasións, non apoian a denominación das prazas de "axudante de Administración" (N-16), e solicitan da consellería que pasen a denominarse "Xefaturas de Negociado" (N-18); e tamén se mostran contrarios á cobertura dos postos de Xefatura de Departamento por concurso específico, ata que realmente exista unha regulamentación clara de como se vai a desenvolver ese proceso.

En relación cos postos a amortizar, requiren da consellería, que en todo expediente de modificación de RPT se inclúa unha breve reseña ao número de veces que cada posto se intentou cubrir por comisión de servizos, e se iso non foi posible, aclaralo se foi debido a falta de candidatos ou por carecer as persoas candidatas de informe favorable da súa unidade de orixe.

O **secretario xeral técnico** remata cunha breve referencia as suxestións de cada unha das organizacións sindicais, e failles saber que se lles achegará unha copia da sentenza pola que se crea o posto de enxeñeiro/a de funcións facultativas; a creación dos postos de Xefatura de Departamento figuran xustificadas nas memorias funcional e económica do decreto de estrutura, o cal non pasa por esta mesa de negociación; e polo que atinxe ás prazas a cubrir por LD e abertas a outras administracións (A11), se compromete a estudar con detalle cada unha delas e reducilas, na medida do posible.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 13,10 horas do día sinalado ao inicio, de canto dou fe como secretario co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O presidente

O secretario

